



20 persoas serán as beneficiarias do Programa Emprego Inclusivo, que dará formación práctica en empresas da área de influencia de Nigrán

- Fundación Érguete-Integración en colaboración coa Deputación de Pontevedra, o Concello de Nigrán e Zona Franca, dentro do Programa Emprego Inclusivo, organiza unha acción formativa de “Auxiliar de Comercio”
- Poderase formalizar a pre-inscrición ata o 30 de abril

Nigrán 18/04/18.- O vindeiro 10 de maio dará comezo a actividade formativa de “Auxiliar de Comercio” que organiza a **Fundación Érguete-Integración** promovida pola Deputación de Pontevedra e coa colaboración do Concello de Nigrán, e que terá lugar no centro de negocios de Porto do Molle.

O curso estará orientado a persoas **desempregadas**, que se formarán para traballar en tendas, supermercados e grandes superficies comerciais, por iso o único requisito para optar ó curso é estar dado/a de alta como demandante de emprego.

O curso formará en **competencias básicas de comercio**, abordaranse temas como:

- Prestar atención ao cliente
- Realizar actividades auxiliares de reposición e acondicionamento no punto de venda
- Operativa de Caixa. Terminais TPV
- Técnicas de merchandising.
- Organización do punto de venda.

Acollerá a 20 participantes que terán a oportunidade de realizar a súa formación práctica en empresas da área de influencia de Nigrán. De feito a formación xurdiu coa finalidade de **satisfacer as necesidades das novas superficies** comerciais que está previsto que se instalen no Parque Empresarial Porto do Molle.

O curso é de 210 horas das cales 80 son prácticas. O curso dará comezo o 10 de maio e extenderase ata o mes de xullo.

Se queres inscribirte só tes que chamar a Yolanda Gómez, coordinadora do curso no 986253176 ou entrando na web www.fundacionerguete.org/emprego_inclusivo

O prazo de inscrición é ata o 30 abril.

Emprego inclusivo é un proxecto que nace có obxecto de aumentar a empregabilidade do participantes e facilitar un acercamento ao mercado laboral mediante formación, prácticas en empresa e Itinerarios Individualizados de Inserción, que engaden á formación, os servizos de orientación e intermediación laboral.



Área de comunicación. Fundación ÉRGUETE-INTEGRACIÓN
986 253 176

¿QUIÉNES SOMOS?

A Fundación Érguete-Integración traballa para que as persoas máis desfavorecidas consigan a súa mellora social, laboral e de vida, a partir do achegamento á rede asistencial ou acceso ao emprego, ofrecendo servizos de información, sensibilización, orientación, formación e intermediación cos distintos axentes sociais da nosa comunidade, e coa participación dun equipo multidisciplinar de profesionais implicados plenamente no devandito obxectivo.

RECOÑECIMENTOS

- **Nome do Centro de Inserción Social de Vigo:**
"Carmen Avendaño Otero" (2006)
- **Medalla Castelao** (2007)
- **Cruz de Prata da Orden Civil da Solidariedade Social** (2010)

¡Nosas **Memorias** reflicten a nosa razón de ser!

